



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE AGOSTO DE 2017

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente de "Subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASE I)", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a proposta e o inicio do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto cun prezo de 266.561,48 euros, IVE aparte.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa ao convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela para a intervención de restauración e mellora do itinerario fluvial "DE PONTE A PONTE POLO RÍO SARELA". Apróbase o convenio polo cal o Consorcio se compromete a redacción do proxecto e a dirección de obra, mentres que o Concello deberá licitar a obra e executala cun custo de 87.397,40 euros, dos cales o Concello asumirá 61.222,67 euros.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á prórroga do contrato de servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais do Concello de Santiago. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A. por período dun ano a contar dende o 3 de setembro de 2017. O contrato terá un custo de 17.025 euros no 2017 e de 18.811 no 2018.

5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concertación dun contrato de préstamo a longo prazo para o financiamento de investimentos e transferencias de capital. Apróbase adxudicar o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito por importe de 3.600.000 euros á entidade Banco Sabadell. Este préstamo terá un euribor trimestral de 0,603.

6.- Recoñecemento de obrigas. Acórdase resolver a discrepancia e reparo da legalidade manifestadas no informe número 504/2017, de 7 de xuño de 2017, relacionado coa limpeza na marquesiña de cristal da Avenida Xoan XXIII. Recoñécese a obriga de aboar á empresa VIDROTEK SOLUCIONES INTEGRALES, SL un total de 14.883 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Club Triatlón Santiago. Apróbase o convenio coa entidade deportiva no que se recolle unha subvención nominativa por importe de 12.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Club Sociedade Deportiva Compostela. Apróbase o convenio coa entidade deportiva no que se recolle unha subvención nominativa por importe de 50.000 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Club Arteal Tenis de Mesa. Apróbase o convenio coa entidade deportiva no que se recolle unha subvención nominativa por importe de 12.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o Club Santiago Futsal. 2017. Dáse conta da sinatura do convenio coa entidade deportiva no que se recolle unha subvención nominativa por importe de 65.000 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á subrogación dunha sociedade na titularidade das casetas do mercado de abastos NC202, NC203 E NC204. Apróbase a subrogación da sociedade MARDELIA S.L.U. na titularidade das casetas do Mercado de Abastos NC202, NC203 e NC204 que lle correspondían a Lucía Tourís Otero.

12.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento de proxectos de prevención de conductas aditivas promovida pola Consellería de Sanidade, de acordo coa Orde do 26 de xuño de 2017, publicada no DOG nº 129, do venres 7 de xullo de 2017 no apartado III Outras disposicións. Apróbase solicitar a subvención para a realización do devandito programa por importe de 204.000 euros que será, como máximo, o 84% do orzamento do proxecto. A cantidade máxima que deberá asumir o Concello será de 32.640 euros en tres anualidades (2017-2018-2019).

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa á aprobación do expediente de "Mellora de seguridade vial na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase)", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente de mellora da seguridade vial na rúa Cañoteira – 2ª fase- que terá un orzamento de licitación de 194.177,68 euros, IVE aparte.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa á aprobación do expediente de "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase iniciar o procedemento aberto para a reurbanización da rúa Rapa da Folla, cun orzamento de 37.063,29 euros, IVE aparte.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de ampliación vial Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBASSUM/2015)". Apróbase adxudicar o contrato a favor da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL por un importe de 204.601,68 euros, IVE aparte.

16.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural ROCHA FORTE. Acórdase a concesión da subvención á Asociación Cultural Rocha Forte por un importe de 3.000 euros para a realización da VIII exposición da Camelia, a VII Romaría da Rocha e unha exposición sobre Carlos Casares.

17.- Proposta da alcaldía relativa á corrección do orzamento no convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Museo do Pobo Galego. Apróbase a corrección de erros do orzamento do convenio co Museo do Pobo Galego, que pasa de 10.000 a 10.250 euros para a realización de diversas actividades.

18.- Proposta da alcaldía relativa á convocatoria de residencias de creación artísticas e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2017-2018, do concello de Santiago. Acórdase aprobar o texto da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas. O número máximo de residencias e estadias será de 25. Esta convocatoria non supón gastos económicos para o Concello agás a cesión da Sala Agustín Magán.

19.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Reaxuste anualidades. Acórdase o reaxuste das anualidades recollidas no prego de inicio e prego de aplicación da licitación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago, reducindo a cantidade de 190.633,74 euros para o presente exercicio. Así, para a anualidade do 2017 correspondería a cantidade de 476.584,35 euros, para o 2018 un total de 1.143.802,44 e para o 2019 unha contía de 667.218,09 euros.

2.- Informe-proposta, relativo a aceptación da concesión da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal de desempregados/as en risco, correspondente ao exercicio 2017. Acéptase a subvención por importe de 206.328,36 euros para a contratación de 20 traballadores/as: 4 técnicos/as administrativos/as, 9 administrativos/as, 6 auxiliares administrativos/as e 1 telefonista.